

CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:


JOSE A.º PEROZO

ANO II-N.º 83

Tema para debate

# Os xogos cooperativos

LOIS FERRADAS



Case sempre, cando xogamos, unha persoa xoga **contra** outra, de forma que resulte un gañador e un perdedor. Nos xogos de equipo tamén hai un grupo que xoga contra outro: un vencerá e outro será vencido.

Este é un principio que enchoupa a nosa sociedade: para poder ser gañador compre vencer os outros; para ser máis temos que consumir máis e dominar; e estes son os xogos que lles ensinamos os nosos pequenos.

De cara ás vacacións —espacio e tempo privilexiados para o xogo—, e desde a experiencia de xogar con moitos nenos en diferentes situacións, despois de observar cómo se esmora a diversión dos nenos en xogos nos que son eliminados, despois de ter observado tantas envexas dos "derrotados" polos "campeóns"... penso que hai que buscar unha alternativa a estes xogos —o mesmo tempo que lla buscamos a esta sociedade.

Terry Orlick, profesor de psicoloxía dos deportes na Universidade de Ottawa, Ontario (Canadá), nun libro recente explica que, do mesmo xeito que a fábrica é o modelo organizativo de gran parte da sociedade, os xogos infantís tamén se industrializaron, se superespecializaron e están dirixidos a enfrenar a uns nenos contra outros e asegura-la eliminación: que só un gañe e tódolos outros perdan. Di: "Expoñer os nenos desde pequenos á competición irracional non lles ensina a competir dun xeito sano: simplemente forzaos a competir. Cando medran están tan condicionados pola importancia de gañar que xa non saben xogar para divertirse. Non saben axudarse mutuamente, ser sensibles os sentimentos dos dos outros nin competir de forma amistosa e divertida. E cando fallan —e isto pasa a miúdo— moitos nenos aprenden a refuga-las competicións... Pola contra, os nenos que medraron sobre unhas bases de cooperación, aceptación e éxito, teñen maiores posibilidades de desenrolar unha autoestima forte e equilibrada, do mesmo xeito que os nenos que medraron cunhas dietas equilibradas teñen maiores posibilidades de desenrolar un corpo forte e sano".

A hora de pensar en xogos coopera-

tivos hai que considerar catro elementos esenciais: cooperación, aceptación, integración e diversión. Este último é a razón principal do xogo e aquí ten maior importancia, xa que o neno, libre das

tensións de gañar ou perder ten máis posibilidades de disfrutar.

Os adultos que participamos nestes xogos, ó comparalos cos outros xogos, dámonos conta do noso condiciona-

mento a competir, da agresividade dos nosos xogos. Compre desaprender un pouco ó principio e, mesmo, pode ser que nos parezan poco divertidos estes xogos que non orixinan grandes tensións. Fainos falta volver a aprender onde reside a diversión e a felicidade no xogo.

Moitas veces pódense utilizar xogos de diversión xogados moitas veces, introducindo pequenos cambios que reducen o elemento competitivo, por exemplo que deixen de ser eliminativos.

Cos nenos ten moito éxito o "¿sabedes facer cousas xuntos?" E un xogo con infinitas variedades; a súa finalidade é conseguir face-lo que se pide entre dúas ou máis persoas. Por exemplo, ¿sabedes andar pro un campo de pegamento?, ¿sabedes se-lo máis alto posible entre dous?, ¿sabes converter a un compañeiro nun círculo?, ¿sabedes facer unha carreira de obstáculos sen se soltar?, ¿sabedes facer un túnel humano para que outros pasen por dentro del?, ¿sabedes inventar algunha outra cousa divertida para facer sen soltarse?

Un modo estupendo de introducir este tipo de xogos é a través dun Día do Xogo Cooperativo. Pódese realizar nun parque, nun campo, nunha praza, nunha montaña... con nenos de tódalas edades e con adultos que se poden integrar nos equipos. Pódense ensinar mutuamente os xogos cooperativos e xugar xuntos.

**Perante as vacacións de verán, ofrecemos tres artigos que teñen como tema básico o xogo.**  
**En primeiro lugar Lois Ferradás Blanco trata do xogo non competitivo, mellor cooperativo, como unha forma de xogar no que o máis importante é a cooperación, a aceptación, a integración, a diversión e o disfrute, como alternativa á competición, a exclusión e ó rendimento.**  
**Francisco Veiga García insiste no valor cultural, comunitario e creativo do xogo tradicional e invítanos a traballar na súa recuperación e a disfrutar coa súa práctica.**  
**Por fin, Xosé Manuel Aldrey Vázquez, ofrece unha restrita de posibilidades para xogar na natureza, disfrutar nela, coñecer a mellor para podela valorar máis, sempre en harmonía co medio do que nós mesmos formamos parte.**

## Tema para debate

# Natureza, xogo e educación


XOSE MANUEL ALDREI VAZQUEZ

Hoxe téndese cada vez máis a educación no entorno a aprender na natureza, convén non esquece-lo xogo como posible medio de contacto. Nas súas orixes o xogo constituiría un entrenamiento para adquirir habilidades, destreza e coñecementos, imprescindibles para acadar unha boa integración entre o home e o medio. Isto corresponde a un primitivo concepto de educación, primitivo pola súa extensión, e de vital importancia. E hoxe, cada vez máis, queremos voltar ás nosas orixes.

Nun principio, o home cazador e recolector, ten como meta acuciante e ineludible a consecución do alimento. O home garda recordo disto na súa memoria de especie: cecais o coleccionismo e a recolección de obxectos sexa, agora que a supervivencia non é tan acuciante, unha reminiscencia daqueles tempos. E constatable a tendencia ó coleccionismo dos nenos, sobre todo a certas edades, tendencia á que se pode dar saída mediante o xogo. Pero, agora que non contamos cunha natureza inalterada coma a do "home cazador", compre ter coidado co enfoque da nosa recolección. Recoller follas, froitos, flores, polas caídas, plumas, restos de animais, niños abandonados, cunchas, pedras, fósiles.... supón dispoñer dun material que posibilita a realización de numerosas actividades, sen agredir ó medio. Este debe ser un dos nosos principios fundamentais do noso labor educativo na natureza. Con este material recollido pódense confeccionar herbarios, murais, montar esqueletes de animais, clasificar pedras, fósiles, plumas, etcétera.

Neste camiño de dominio do medio polo coñecemento —distinto daquel

O xogo naceu probablemente do contacto do home coa natureza, co seu medio. Aínda máis: é posible que na propia natureza do home o xogo sexa un elemento constitutivo importante. Pódese explicar deste xeito a tendencia natural do home ó xogo e que o ar libre ofrezca unha fonte de estímulos moi importante para as actividades lúdicas. Se isto é así e se o xogo é un vehículo axeitado para a educación podemos e debemos contar coa natureza como un importante recurso educativo.



Outro recurso que o educador tan na súa man son os xogos ó ar libre e os xogos populares, xogos de sempre, hoxe un pouco esquecidos e substituídos por aqueles outros máis "modernos" que propón a televisión (persecucións, disparos, "bos e malos"...). Aqueles siguen a ter vixencia e sería bo face-lo posible por revalorizalos: a estornela, a randieira, a pita cega, a pillar, a pandar, o escondite en todas as súas variantes, a mariola, os trompos, as leiriñas, e moitos outros. O desenrolárense no exterior, en íntimo contacto co medio, sirven para reivindicar a natureza como lugar de esparcemento e diversión, ó tempo que desenrolan a destreza, a habilidade e son ocasión de socialización.

Este é un amplo abano de posibilidades e recursos para a educación na natureza por medio do xogo. De que saibamos aproveitálos, dependerá en moitos casos o noso éxito como educadores. Aínda que non consideremos primordial a súa dimensión educativa-instructiva, podemos tranquilizarnos pensando que as actividades lúdicas poden perfectamente ser un fin en si mesmas, e sempre en harmonía coa natureza, da que formamos parte.


Nos seguintes libros atópanse ideas prácticas para xogar na natureza: **Experimentos en la naturaleza**. Ed. Fuenteantigua. **Experimentos en las 4 estaciones**. Ed. Fuenteantigua. **Aventuras con animales pequeños**. Ed. Labor. **Actividades en la naturaleza**. Ed. Vilamala. **Grandes juegos de exterior**. Ed. Vilamala. **Juegos para campo y bosque**. Ed. Vilamala. **Juegos y actividades en el mar**. Ed. Vilamala. **Actividades para un joven biólogo**. Ed. Adara e **Vivir la naturaleza con los niños**. Ed. Circulo de Lectores.

outro pola irracional forza bruta— son importantes os xogos de observación e investigación. A enorme cantidade de fenómenos que conflúen nun momento e lugar determinado do monte ou da praia supón unha grande fonte de preguntas e un grande estímulo para a curiosidade do neno. A utilización de prismáticos, a grabación de sons naturais cun pequeno magnetófono, a toma de fotografías, medir indirectamente a altura dunha árbore con instrumentos feitos por nós, a recollida de pegadas de animais en escaiola, medi-la contaminación da auga e do ar, a observación dunha simple charca, calcar códeas de árbores, observar e rexistra-lo tempo meteorolóxico con axuda de sinxelos instrumentos construídos polo neno, son só algunhas posibilidades. Estas actividades permiten recoller un material que dea pé para confeccionar un "cuaderno de campo", nada pretencioso pero moi "científico", no que ademais de constata-lo que ve, o neno poña en xogo as súas cualidades plásticas e artísticas.

A realización deste tipo de actividades achega o neno ó seu medio, a natureza, e fai xurdir nel sentimento de rechazo fronte ás actitudes agresivas contra o medio. Uns prismáticos ou unha cámara fotográfica son máis gratificantes que unha escopeta de balins, e, ó

mesmo tempo que diversión, aportan coñecemento. Nesta liña atópanse outro tipo de actividades que poderíamos chamar de "reconciliación co medio", como a construción de caixas-niño para paxaros, a instalación de comederos e bebederos, colocar mechóns de lan ou plumas como material de construción de niños, etc. que ademais do seu carácter proteccionista, ofrecen a posibilidade de realizar máis observacións e experiencias.


Se ben é certo que só se ama o que se coñece, tamén é certo que para amar unha cousa hai que sentila. Senti-la natureza é, pois, algo moi importante. Xogos como identificar unha arbore despois de estar en contacto con ela cos ollos pechados, intentar conta-los sons distintos que se poden escoitar nun bosque, reconecer polo tacto ou polo ulido froitas, follas ou flores, imaxinar debuxos no ceo usando as estrelas como referencia, xogos de orientación, etc., favorecen o desenrolo sensorial do neno e proporcionan inagotables experiencias e sensacións. Ademais estes xogos fan que o neno saiba valora-los momentos de quietude, reflexión, ensimiamiento, relaxación, e sexa capaz de provocalos cando queira. Así fundese coa natureza, síntese de si mesmo se tratara: isto é o máis importante.



# Mate-matracas

GONZALO RGUEZ. SANTAFE

## Solución al juego n.º 19




Posible

## A xanela

**VISION, LUZ Y COLOR.** Enciclopedia ilustrada del mundo científico. Colección EL UNIVERSO DE LA CIENCIA. Ediciones Generales ANAYA 64 pág.

¿Qué es la luz? ¿Cómo funciona el ojo y cómo puede ser engañado? ¿Cómo operan las lentes en el microscopio y en el telescopio? Este volumen responde a estas interrogantes y muestra además la importancia del color en el mundo natural antes de referirse a la fotografía, los láser y las fibras ópticas.




*o  
pizarra*

*Coleccionable  
para os mois pequenos*









N.º 26

Complemento de «A Pizarra» de FARO DE VIGO - ANO II











## Los córvidos

Hoy en nuestra "fauna salvaje gallega" seguimos ocupándonos de esta especie de aves. hablamos de la "Grajilla", de las chovas ibéricas: "La piquirroja" y "La piquigualda"; y de la "Urraca" (pica pica) o "Pega Rabilonga" que aparece en el dibujo de esta página.



**Arquimiro**  
Evaristo Pereira





## Los córvidos (II)

E. FDEZ DE LA CIGONA

La Grajilla (*Corvus monedula*) es conocida en nuestra tierra por Corvo Cerexeiro. Lógicamente el nombre le viene por su afinidad por las cerezas. Pero al igual que los demás córvidos comen de todo y en su dieta,

además de frutas entran insectos y sus larvas, granos y semillas diversas, huevos y polluelos de otras aves y también carroñas.

Es un ave localmente abundante. Quiere esto decir que donde existe su población es numerosa. En Galicia frecuenta las islas (Cíes, Ons, Sisargas) y los tramos costeros. Habita igualmente en los viejos monumentos: catedrales, castillos, monasterios, sin despreciar los puentes de las vías férreas, autopistas y carreteras.

Enormemente gregaria (1) jamás la veremos sola. Incluso nidificando forma nutridas colonias.

Presenta plumaje negro con cogote gris, aunque a cierta distancia no se aprecia la diferencia entre ambos. Es bastante más pequeña que la Corneja Negra. Su graznido es un "chog-chog" repetido e inconfundible.

Coloca el nido en agujeros de acantilados costeros, a veces en el interior de furnas (2), en caserones, torres de fortificación, monasterios, ruinas, etc. teniendo un aspecto desaliñado, construido con palitos entrecruzados, tapizado con pelo y lana, acomodándose a la oquedad donde se ubica. En el pone de 4 a 6 huevos, de color blanco azulado, bastante brillantes y algo manchados de pardo o negro. Una sola pollada anual. Frecuentemente, lleva al nido objetos brillantes que llaman poderosamente su atención: hebillas, botones, tachuelas, e incluso las esconde, formando así un pequeño tesoro de nulo valor. De ahí le viene su fama de ladrona.

### SITUACION

En expansión, aumentando rápidamente. Pueden convertirse en ciertos lugares en una verdadera plaga, acabando entonces con las cosechas de frutas y

grano (sobre todo maíz). Se la considera especie cinegética y perjudicial para la agricultura.

La Urraca (*pica pica*) es un ave muy conocida por su abundancia y llamativa figura. En Galicia se la llama Pega Rabilonga, debido a su larguísima cola.

En su plumaje se entremezcla el blanco y el negro, con irisaciones lustrosas en verde, azul y morado. Es muy desconfiada y distingue perfectamente al hombre armado del simple excursionista. Entonces levanta el vuelo de inmediato, alarmando al resto del bando con su grito "chac-chac-chac-chac". Descansa en grandes dormideros, donde pueden reunirse todas las urracas de la comarca.

Se alimenta, al igual que los demás cuervos, de carroñas, insectos y sus larvas, lombrices, gusanos, granos y pequeños vertebrados: ratones, lagartijas, etc.

Construye un nido voluminoso, tanto en árboles de hoja caduca (castaño, roble) como perenne (pino, eucalipto) a poder ser cerca de la copa. Esta formado con palos, unidos con barro. Interiormente forrado de raicillas, pelos y fibras vegetales. Y se distingue de todos los demás nidos, por el tejadillo que lo cubre a modo de cubierta, formada por palitos secos entrelazados, para impedir el saqueo.

La puesta es numerosa, oscilando entre los 6 y los 8 huevos, más raramente hasta 10. Ligeramente azulado y muy manchados, tanto que le dan un aspecto sucio. Normalmente una sola pollada anual, pero pueden repetirse si se malo-

gra. Pero entonces, esta segunda puesta no sobrepasa los 4 huevos.

Abunda en todo tipo de habitats. En las ciudades y pueblos grandes llega a criar en jardines y alamedas, buscando el sustento en los basureros. Hace gran estrago entre las pequeñas avcillas, ya que destruye sus puestas y pollos. Visitan frecuentemente la orilla del mar donde marisquean mezcladas con gaviotas y cornejas. Por su abundancia y voracidad pueden constituir localmente una plaga, siendo consideradas perjudiciales para la agricultura, por los destrozos ocasionados en los cultivos cerealistas (maíz) y en los frutales (cerezas, perales, ciruelos).

### SITUACION

Abundante. En aumento. Se la considera especie cinegética.

Las grandes desconocidas de las córvidas gallegas son las chovas. Ayuda a este desconocimiento su escasez y su irregular área de distribución. Tienen en común con los cuervos, cornejas y grajillas que son enteramente negras. Sin embargo, sus costumbres son bien diferentes.

En Galicia se encuentran las dos especies ibéricas de chovas: la Piquirroja y la Piquigualda.

La Chova Piquirroja (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*), recibe el nombre gallego de Chova Piquibermella, por su llamativo pico rojo que destaca en su cabeza enteramente negra. Es un córvido que vive en los cantiles costeros donde en los últi-

mos años ha disminuido alarmantemente, hasta tal punto que ha desaparecido de numerosos lugares donde era frecuente (Cíes, Ons). También vive en la alta montaña lucense y orensana, formando grupos o bandos no muy numerosos. La Chova Piquirroja es un ave acrobática que le gusta hacer picados en cornisas al tiempo que emite su fuerte y resonante llamada "tchiav-tchiav", que repite el eco una y otra vez.

Cria en acantilados tanto de montaña como marinos, en agujeros, grietas e incluso grutas, donde construye un nido

voluminoso en forma de taza con ramas, palos, hierbas y algas, apelmazado con barro y forrado interiormente de lana y pelo. La puesta oscila generalmente entre 3 y 4 huevos, lisos y brillantes, de color blanco azulado, manchados irregularmente de pardo. La incubación, realizada sólo por la hembra dura de 17 a 23 días.


Este córvido se alimenta básicamente de insectos y sus larvas, gusanos, moluscos, arácnidos y pequeños vertebrados.

Aunque su largo pico de color rojo es el rasgo más característico a cierta distancia, sin prismáticos, es imposible distinguirlo, pero entonces se oirá perfectamente su fuerte y sonoro reclamo. Los jóvenes, hasta llegar a la edad adulta, tienen pico amarillo y corto.

### NOTAS

(1) Gregaria, que tiende a formar bandos, que viven agrupadas.

(2) Furnas. Cavernas que el mar abre en el acantilado.



Dibujos de A. FERNANDEZ CORDEIRO

## Tema para debate

## Os xogos tradicionais

FRANCISCO VEIGA GARCIA

En certa ocasión, a un ministro ocurriuselle agrupa-las, ata entón, escolas unitarias no Colexios Públicos de E.X.G. que hoxe coñecemos. A idea non foi mala, xa que o agrupamento de alumnos e mestres posibilitou un ensino con máis medios, con máis colaboración e con máis especialización e, polo tanto, o avance no melloramento do ensino. Pero, este agrupamento das escolas tamén tivo os seus aspectos negativos, un dos cales, sen súbida foi a perda de familiaridade na escola. O neno sentiuse un número entre un montón de compañeiros e entre uns medios materiais — edificio da escola, comedor... — para él, xigantescos.

Isto, levado, o recreo, tamén fixo que se sintira un tanto cativo no medio de tanta xente e nun espacio, xeralmente, moi reducido para practica-lo xogo. Así o fútbol, deporte que nos serve de exemplo por ser maioritariamente practicado, tamén se resentiu do cambio, xa que o campo para practicalo, no caso de que o haxa, non é o suficientemente grande para albergar a tódolos que pretende botar un partido. Non cabe dúbida de que se perderon, e síguense perdendo, posibles eminencias neste deporte. Pero, o máis grave non é o fútbol, xa que os seus problemas arréganse coas ligas infantís, tanto de deporte escolar coma de equipos parroquiais e municipais, senón que, a perda de familiaridade na escola levou a esquecer un pouco os xogos tradicionais que se practicaban antes e despois da clase.

Por outra banda, a extensión da rede de televisión, e o aumento da capacidade adquisitiva da poboación, levou a que, na inmensa maioría das nosas casas teñamos un destes trebellos. Sabido é que os nosos rapaces de agora sinten unha poderosísima atracción pola televisión, e que se pasan moitas horas do día diante dela, o cal non sería nada perxudicial se tivéramos unha televisión distinta á que nos tocou en sorte e se se aproveitaran as súas posibilidades educativas. O certo é que un rapaz, cando sai da escola, métese na casa eponse diante da televisión, sen preocuparse, na maioría dos casos, nin de xogar nin de facer calquera outra actividade máis creativa.

Todo o que estamos a contar está, naturalmente, relacionado cos cambios que se operaron nas formas de vida das nosas xentes, desde hai dez ou quince anos, cecais máis. Hoxe día, polo xeral, un rapaz está case única e exclusivamente adicado á actividade escolar, e, polo tanto, liberado — polo menos non chega ós niveis doutros tempos — do traballo na casa, sobre todo na gadeiría e agricultura. As actividades diarias fóronse automatizando e comercializando de tal xeito que a un rapaz dos de hoxe preocupalle moito máis o que pasa coa vida de Michael Jackson! ou alguén similar, ca investigar por onde pode haber un niño de carrizos. Do que acabamos de dicir, sácase en conclusión que un rapaz non necesita xogar a xogos vellos, nin inventar xogos novos, porque xa «xoga» diante da



televisión, onde xa llo dan todo feito, e porque non tén que pensar en que facer para entretete-lo tempo mentres coida que a «Parda» e a «Pinta» non marchen da fraga onde o mandaron seus avós con elas.

Vimos de ofrecer tres posibles causas á alarmante desaparición dos xogos nos nosos rapaces. Cecais, a máis forte sexa a última, os cambios na forma de vida, aínda que, a televisión tamén ten moito que ver. A outra causa que se nos ocorre — agrupamento das escolas —, tal vez sexa, hoxe por hoxe, inevitable se queremos eu o noso ensino acadar niveis altos, pero si sería posible subsana-los seus aspectos negativos. O certo é que os rapaces de hoxe esqueceron de súas xeracións pasadas imaxinarán e levarán á práctica unha gran cantidade de xogos que hoxe desgraciadamente son unha herencia cultural comparable, xa que non á lingua, si a calquera outra manifestación do noso pasado, e que temo-la obriga de conservar, agora que aínda estamos a tempo.

Os xogos tradicionais galegos, foron inventados e levados á práctica por rapaces e, en xeral, xente de tódalas idades, para entrete-lo seu tempo libre, porque non tiñan televisión e porque non podían mercar xogos xa fabricados. Estes xogos, xa que logo, son totalmente creativos. Pódese dicir deles que son rurais, feitos para un xeito de vida determinada, e, polo tanto, non practicables hoxe. Nada máis lonxe da realidade, na súa creatividade radica a súa adaptación, sexa no centro de Vigo ou Santiago, ou sexa en Riotorto, pois na creatividade está o seu valor como pasatempo e, sobre todo, o seu valor educativo, ós que hai que engadi-las súas posibilidades de conexión dos rapaces coa cultura e co pasado de Galicia.

## ¿QUEN PODE FACER ALGO POLOS XOGOS TRADICIONAIS?

Que dúbida cabe que os protagonistas principais da revitalización dos xogos tradicionais galegos son os rapaces. A eles son, primordialmente, destinados. Pero, ¿quén pode axudarlles a recuperalos e a empezar a practicalos de novo? Aquí entra, coma noutros moitos ámbitos, a función do mestre. El debe ensinarlle-los xogos vellos e debe supervisa-la súa posta en práctica as primeiras veces. Sucederá con

frecuencia, que o mestre descoñeza tamén a maioría destés xogos; os rapaces da segunda etapa poder se encargados de facer un traballo de investigación no que entrevistan a persoas maiores e fagan, coa súa axuda, unha descripción pormenorizada dos xogos que se practicaban na zona en épocas pasadas. Unha vez recopilada a maior cantidade posible de xogos, é fundamental que un grupo de mestres en cada colexio, xa que non todos, participe nas actividades do recreo, actividade integrante, coma outra calquera, do horario escolar, e, desgraciadamente, esquecida e deixada de lado.

Este grupo de mestres ocupariase de axudarlles ós nenos a por en práctica os xogos recolleitos. Coidamos que non faría falta moito tempo, xa que os rapaces logo practicarían os xogos por si sós, faltos como están de divertimentos creativos e, en verdade, lúdicos. Consideramos prioritario o empezar adicándonos, fundamentalmente, os xogos da zona onde se ache o Colexio, aínda que existen bastantes publicacións sobre xogos, non xa só galegos, das que se pode botar man unha vez que se esgote — a pesar de ser algo inesgotable — o repertorio da zona. Sobre isto, compre dicir que calquera colexio deberá ter hoxe, na súa biblioteca, uns cantos libriños de xogos, cousa que só sucede nalgúns casos.

Sería tamén interesante que os pais dos rapaces e, en xeral, as persoas maiores da comarca, esquecesen un pouco o seu xeito de vida actual, e empezasen de novo a practicar algún dos xogos populares antigos, co cal os rapaces terían unha motivación máis para practicalos. E algo que se está empezando a facer, aínda que timidamente, nos Campeonatos de Chave e intentos similares. De todos xeitos, o labor fundamental, coma noutros moitos casos, hase facer na escola, onde están os verdadeiros protagonistas dos xogos. Merece a pena intentalo aínda que só sexa por prestarlle a Galicia un servizo máis.

## ALGUNS XOGOS TRADICIONAIS

Como mostra da adaptabilidade dos xogos das xeracións pasadas ós nenos de agora, imos describir dous deles, fáciles de levar á práctica. Non falamos dos xogos máis estendidos e populares, coma a Es-


tornela, por consideralos de sobra coñecidos e non facilmente aplicables ó patio dun colexio.

Compre dicir primeiramente que son tan importantes no desenrolo dun xogo as «sortes» previas, que deciden o que apanda, coma o xogo en si. Hai sortes xerais, coa o dos pés ou a das pallas, válidas para tódolos xogos, e tamén sortes particulares para algúns xogos. En «¿Quén te monta, bicho pavo?», xogo practicado na comarca de Muros e citado polo muradán Romani no seu libro «Xogos infantís de Galicia», ed. Follas Novas, non existen sortes específicas, habéndose realizar cunha das xerais. Designados dous xogadores, un deles apanda e outro fai de «dama». A dama séntase e o que apanda pon a cabeza no seu colo, sen poder ver nada, e colocándose de xeito que lle quede o lombo paralelo o chán. A un sinal da dama, un dos xogadores monta encima do que apanda, e a dama preguntalle a éste: «¿Quén te monta, bicho pavo?». Se o que apanda acerta co nome do que tén encima, deixaralle o posto a este. De non acertar, o rapaz nomeado e que polo tanto, non estaba intervindo directamente no xogo nese momento, colocárase detrás do que apanda, poñendo a cabeza apoiada nas nádegas daquel. A dama, entón chama a outro, que se pon encima do segundo xogador que está apandando, repetíndolle o pregunta ó primeiro. Así ata que se forme unha longa fila, no momento en que acerte co que está encima rematará o xogo, e empezará uha nova partida apandando o último nomeado.

Son moitas as modalidades da «Queda» que inventaron os rapaces doutro tempo para escorrenta-lo frío. Unha delas, de moita espectacularidade, e a «Cadea» ou «Palomita». Existen unhas sortes especiais para este xogo; consisten en que un dos xogadores vai cantando e tocando sucesivamente os demais (dabondos) dispostos en roda: «Palomita branca, reblanca, ¿qué llevas en el pico?, aceite, vinagre para Jesucristo. Jesucristo me mandó que lo repartiera yo con las llaves del reloj. Mariquiña do compás, trís, tras, fora estás; unha merdiña de maragato: un dous, tres, gato». Aquel ó que lle tocou a palabra «gato», queda eliminado. Repítese a canción ata que só quede un rapaz, que é o que apanda. O xogo consiste en que este corre tra-los outros cos puños pechados hacia adiante. No momento co colla a un, agárranse da man e seguen correndo tras dos que andan soltos. Cada un que collan, agárranse a eles por unha man, de xeito que a cadea humana vai aumentando, ata que unha enorme cadea persiga ós poucos xogadores que aínda queden ceibos. Remata o xogo no momento en que todos se metan na cadea.

Son estas dúas pequenas mostras do que podemos facer cos xogos perdidos. Existen infinitos xogos máis, variantes do mesmo xogo, distintos nomes para un mesmo xogo... Os nosos nenos agradeceríannos que fixéramos algo por recuperalos...

## Maxistérico



## La verdad de la información

ISIDORO CARVAJAL

Todo periodista ha de tener por lema de su vida profesional **la verdad** ante todo. Si tú, ahora escolar, aspiras a ser un día informador, has de pensar ya que te debes a un público al que no se le puede engañar jamás, al que se le debe una información verdadera. La principal cualidad del periodista se centra siempre en un amor incorruptible a la verdad. Si el militar ha de estar siempre dispuesto a la defensa de la patria, el periodista estará siempre al servicio de la verdad.

La juventud que aspira a la profesión periodística no debe mirarse como en un espejo en la realidad de lo que sucede hoy en muchos campos donde campa la mentira. Hay grupos sociales, políticos, países, comunidades y también periódicos donde la verdad está embotada y donde domina la mentira sistemática. Impera en muchas partes una falsa moral. En aquellos países donde no hay libertad de expresión, prospera la falta de verdad y se produce la gran mentira institucional. Me estoy refiriendo a los países totalitarios. En estas condiciones es imposible que se practique un periodismo auténtico y honrado. Un gobierno que presiona a los informadores de prensa para que no digan la verdad de lo que pasa, ya se ha definido a sí mismo. Por más que se declare democrático y libre, ha caído en el precipicio de la dictadura y, por tanto, de la injusticia y la mentira.

### ¿A QUE LLAMAMOS VERDAD INFORMATIVA?

Ya sabemos que la verdad absoluta, total y objetiva no existe en periodismo. La verdad que se alcanza al informar en los periódicos no es del orden científico o matemático, ni siquiera del orden histórico, sino que va mezclada con las impurezas del subjetivismo, el criterio seleccionador, las opiniones propias del informador, etc. Son condicionamientos inevitables.

La verdad de los periodistas es casi siempre "audio-visual". Ellos cuentan las cosas que han visto y cómo las han oído o creído o pretendido ver. Y es cierto que por mucha verdad que sea la verdad "visual" o "auditiva" no es más que una humilde verdad, quizás la más humilde de todas.

Los periodistas honrados, los buenos informadores y el público que les lee saben esto. Y no es que haya que desconfiar de lo que se escribe o se lee, pero tampoco se debe admitir todo como si fuera el "credo". Los periodistas siempre tienen que esforzarse para presentar la información ante el público de forma que ella le facilite el máximo de verdades. Esta es su responsabilidad. Pero, en cierta manera, han de ser humildes y conscientes de que su información es siempre imperfecta.

Lo que la información exige a sus servidores no es la infalibilidad, sino el horror a la mentira; el odio del error; la lealtad y la paciencia en la búsqueda de la verdad; la valentía en sus manifestaciones cuando estas son comprometedoras. En fin, la sencillez personal y la honradez de conciencia.

### LA VERDAD A MEDIAS Y LA MENTIRA POR OMISION

El periodista se entera de muchas cosas, pero no las cuenta todas. Cualquier silencio no es quebrantamiento de la verdad informativa. No siempre estamos obligados a decirlo todo, a contar

Lo que la información exige a sus servidores no es la infalibilidad, sino el horror a la mentira, el odio del error, la lealtad y la paciencia en la búsqueda de la verdad.



los detalles, a "desnudar" toda la verdad. Si escribimos, debe ser para expresar la verdad, pero hay casos en los que podemos y debemos guardar silencio. Ya decía San Agustín que "una cosa es mentir y otra mantener oculta una verdad".

Entonces, ¿cuándo un informador miente por omisión, por ocultar la verdad? Cuando insinúa, descubre a medias un hecho, pero da a entender que hay un "pozo negro" que no se cuenta, pero que está ahí; cuando transmite el comienzo de unas declaraciones del entrevistado, pero se calla las matizaciones que ha hecho. Entonces se facilita una verdad mutilada, y ya sabemos que "una verdad a medias es la mayor de las mentiras". Si damos cuenta de un discurso o de un escrito y se suprime voluntariamente algo necesario para la plena inteligencia de ese discurso o escrito o para el equilibrio intelectual del conjunto, se miente por omisión. Si describiendo la carrera de un hombre público el periodista omite, por simpatía o por hostilidad, hechos y datos necesarios para un juicio equitativo, también se miente.

Esta verdad a medias —o mentira taimada— es hoy pecado muy frecuente en muchas informaciones que se ofrecen en los periódicos, en la radio y, sobre todo, en la televisión. No hay rigor ni respeto mínimo a la verdad en muchas informaciones que aparecen en la pequeña pantalla cuando muchas veces se informa de lo acaecido en las discusiones parlamentarias de las Cortes, salvo que se ofrezca la transmisión completa del debate. Sacan de los personajes trozos salteados de sus discursos, tomados casi siempre con intención partidista, gubernamental, con lo que la

verdad de lo sucedido en el hemiciclo no sólo queda tremendamente mutilada, sino falseada y tergiversada. Es muy triste lo que está sucediendo, pero es así. Lo mejor en estos casos es apagar el "invento", si no queremos caer víctimas de la mentira informativa.

Hay también mentira por omisión cuando una persona que ha descubierto algo importante calle y no informa teniendo la obligación moral de hablar y de proclamar la verdad. Se sustrae entonces a su deber bien sea personal, bien sea profesional, si se trata de un periodista profesional y en ejercicio. Ni que decir tiene que hay periodistas valientes que jamás callan la verdad comprometedora cuando ésta debe moralmente publicarse, y también hay periodistas pusilánimes que por cobardía no se decantan en defensa de la verdad por temor a represalias o presiones de tipo personal. Estos nunca llegarán a ser buenos periodistas, porque no saben comprometerse y "jugarse el tipo" en defensa de la verdad.

### EL SECRETO PROFESIONAL DEL PERIODISTA

El informador se entera muchas veces de verdades que son confidenciales y jamás se pueden publicar. Las personas, las familias, las colectividades tienen derecho a su reputación, a su honra; y el respeto de ese derecho es algo que constituye una necesidad y una obligación social.

El deber de informar, la obligación de decir la verdad no nos ha de llevar hasta el extremo de no tener en cuenta la buena reputación de las personas cuando se trata de intimidades tan personales que afectan a la honra. Lo mismo que el médico, el abogado, el confesor, etc., el pe-

riodista está sujeto al secreto profesional, y todas las legislaciones no totalitarias reconocen este derecho. Tal secreto no sólo sirve para la protección de los individuos o de los grupos, sino también para el equilibrio de la sociedad y, en consecuencia, para el bien común. Problema delicado y amplio en su tratamiento este del "secreto profesional", en el que no vamos a profundizar, pues no da lugar.

### CONCLUSIONES

Si de verdad queremos ser buenos periodistas, saquemos ya algunas conclusiones con respecto a este tema de la verdad informativa que hoy iniciamos:

1.<sup>a</sup> En la información, cualquier mentira constituye una falta grave contra la moral en general y contra la moral profesional en particular, tanto más grave cuanto origina un mayor número de engañados. Además, esa mentira es una falta contra la justicia conmutativa cuanto que las víctimas han pagado para obtener una información verdadera.

2.<sup>a</sup> También es falta contra la moral cuando se da una verdad a medias, cuando se miente por omisión, desfigurando lo que un hecho o una persona fue o quiso significar, bien entendido que toda omisión no es necesariamente una mentira.

3.<sup>a</sup> Es frecuente en informadores mediocres o cobardes informar con error o con miedo, lo que constituye una falta de complicidad o al menos de incompetencia.

¿Cuándo es necesario ocultar o publicar una verdad conocida? ¿Cuándo la responsabilidad profesional obliga a callarse? ¿En qué ocasiones es más conveniente callar que hablar? Sobre esto trataremos en otra ocasión.



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

